

**SERVIZO DE
XUVENTUDE**

**CONCELLERÍA DE TURISMO
E XUVENTUDE**

**CONCELLO
DE VIGO**



NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS LOCAIS DE ENSAIO DE VIGOSÓNICO.-

A Concellería de Xuventude do Concello de Vigo dispón de 5 salas equipadas para o ensaio de solistas ou bandas mozos e mozas da cidade, de calquera estilo musical.

Para poder acceder a estas salas é preciso cubrir o formulario de solicitude indicando as preferencias de días e hora de ensaio . Posteriormente, persoal técnico da Concellaría de Xuventude porase en contacto convosco para comunicarvos a sala e o horario dispoñible.

Horario: de martes, mércores, xoves, sábado e domingo de 17:00 a 21:30h.

Como contactar: xuventude@vigo.org

REQUISITOS A CUMPRIR POLOS GRUPOS DE MÚSICA PARA UTILIZACIÓN LOCAIS ENSAIO.-

Os locais de ensaio están destinados a grupos de músicos noveis ou solistas a nivel individual do concello de Vigo.

Considéranse grupos do municipio aqueles nos que, polo menos a metade dos seus compoñentes están empadroados en Vigo.

CONVOCATORIA.-

Cada tres meses faráse unha convocatoria pública para que todos os grupos ou solistas interesados/as poidan presentar solicitude de local onde realizar os seus ensaios. Esta convocatoria realizarase na última semana de cada trimestre e será anunciada na web xuventudevigo.org.

O período máximo temporal de uso do local de ensaio por parte do grupos musicais será trimestral en cada convocatoria.

CRITERIOS DE ASIGNACIÓN DE LOCAIS.-

Autorización de uso:

- a) Os grupos asignados terán dereito a utilizar o equipamento 8 horas ao mes (2 horas á semana).
- b) Os menores de idade deberán presentar xunto coa inscrición unha autorización da nai, pai ou titor debidamente asinada que se formalizará unha vez teñan asignado un local de ensaio.
- c) As faltas de asistencia deberán xustificarse con unha antelación de 48h. No caso de producirse 3 faltas sen xustificar, procederase a penalizar ao grupo durante 1 ano sen asignación de local de ensaio.

ACCESO ÁS INSTALACIÓNS.-

- a) Para ter acceso ás instalacións no horario establecido, a persoa representante do grupo deberá estar identificado e dirixirse á persoa responsable do local nese momento, co fin de rexistrar a súa entrada previa comprobación de que figura na autorización municipal.
- b) Antes do comezo de cada sesión de ensaio, comprobaráse o estado do local e do material, e calquera dano ou incidencia será comunicado ao persoal responsable , mediante unha parte de incidencias .

HORARIO.-

O horario establecido incluírá o tempo de montaxe e desmontaxe de instrumentos.

Días de ensaio.- martes, mércores, xoves, sábados e domingos.

Horario de ensaio:

- 17:00 a 19:00 h.
- 19:15 a 21:15 h.

EQUIPAMENTO DOS LOCAIS DE ENSAIO.-

Os grupos poderán utilizar o equipo de son e a liña de fondo do local (batería, amplificador de baixo, amplificador de guitarra, kit de micrófono...) e, ademais, no prazo de que dispoñan, poderán levar os instrumentos e backline que consideren necesario para o ensaio.

OBRIGAS DOS GRUPOS USUARIOS DOS LOCAIS.-

- a) Respetar os horarios e lugares asignados, así como o persoal responsable e compañeiros/as de actividade.
- b) Cubrir a parte de asistencia.
- c) Só poderán acceder ás instalacións as persoas autorizadas e os membros do grupo. Prohíbese o acceso ás instalacións de persoas alleas.
- d) Non se poderá mover material dunha sala a outra nin almacenar materiais.
- e) Unha vez rematado o ensaio, deberá o local quedar recollido, así como o material para estar utilizado polo seguinte grupo. Terase un coidado extremo no manexo de material e cables.
- f) Cada usuario/a deberá deixar o local nas mesmas condicións en que se atopaban a súa chegada.
- g) Para velar polo respecto a todos os colectivos e persoas de usuarios/as, así como á seguridade e hixiene, non está permitido fumar, consumir bebidas alcohólicas nin comer nos locais.
- h) As paredes, os chans, os teitos e os elementos da estancia son elementos acústicos e polo tanto queda prohibido cravar, aparafusar, perforar e manipular de ningún xeito estes elementos.
- i) As portas dos locais de ensaio deberán estar pechadas durante o seu uso e unha vez rematado o ensaio.
- j) Cada local de ensaio está dotado de medidores de CO₂ que indicarán o nivel de concentración de dióxido de carbono en tempo real.